



OBJETIVOS DE DESARROLLO
DEL MILENIO
www.objetivosdelmilenio.com



Educación
Sin Fronteras

Fichas pedagógicas de apoio para educadores e educadoras



Día Escolar da Non Violencia e a Paz

Naceu no ano 1964 co obxectivo de fomentar a educación en e para a convivencia, a tolerancia, a solidariedade, o respecto aos Dereitos Humanos, a non violencia e a paz. Cada 30 de xaneiro celebramos o aniversario do asasinato de Mahtama Gandhi, impulsor da loita pacífica e dos ideais da non violencia e a paz.

ODM: O ano 2000 191 xefes de estado e de goberno asinaron a Declaración do Milenio, comprometéndose a traballar conxuntamente para conseguir cumprir os Obxectivos do Milenio (ODM) e rematar coa pobreza extrema no mundo antes do ano 2015. Ademais de ser un compromiso sen precedentes, os oito ODM representan un gran paso no camiño para o desenvolvemento. A continuación presentámoslle *o obxectivo número 3: Promover a completa igualdade entre home e muller*, relacionado co Día Internacional para a Non Violencia.

O **obxectivo** principal que se marca este ODM é eliminar as desigualdades entre xéneros a todos os niveis da ensinanza antes do ano 2015.

Datos: A igualdade entre xéneros implica igualdade a todos os niveis da educación e en todos os ámbitos do traballo, o control equitativo dos recursos e unha representación igual na vida pública e política. En cambio, as mulleres seguen representando unha minoría dos traballos asalariados e ocupan o 18% dos escanos parlamentarios do mundo. Do total de persoas analfabetas do mundo, o 64% son mulleres

Actividades

1. Primeiro ciclo ESO

Actividade: Dío *a música*. O profesor/a fará unha pequena recompilación de cancións que traten sobre a violencia de xénero (por exemplo na páxina web www.creativefolk.com aparece unha pequena ladaíña delas). O profesor seleccionará unhas cantas e as traerá á clase nun CD acompañado coa letra por escrito das mesmas. Posteriormente, dividirá a clase en pequenos grupos e lles repartirá a letra e maila música dunha das cancións a cada un dos grupos, para que analicen a mensaxe. A partires da letra da canción, cada grupo deberá facer unha pequena representación para os compañeiros, explicando o contido da canción. Tralas representacións, cada grupo pode explicar o que sentiu e expresar a súa opinión, poñendo en marcha un pequeno debate. Despois, as ideas xeradas no debate pódense escribir nun pequeno mural para colgar na clase ou bien nalgún espazo da escola para facer participes a todos e todas os/as alumnos/as.



2. 2do ciclo ESO

Actividade: *Un acto violento é...* O grupo clase situarase nun círculo de cara á pizarra. Unha vez feito isto, repartirase a cada rapaz/a unha folla onde aparecerá escrito o seguinte texto: *“Un acto violento contra as mulleres é por exemplo cando...”* e os alumnos terán que completar esa frase. Posteriormente, faráselles unha posta en común das frases e se colgarán da pizarra as follas coas frases. A partires das súas ideas previas, pódese facer unha clasificación dos diferentes tipos de violencias que existen: física, psicolóxica, sexual, económica, etc. Tamén se pode intentar facer unha reflexión xeral sobre a violencia de xénero servíndose das afirmacións que se fixeron e engadindo outros tipos de violencia de xénero que non teñan mencionado nas súas reflexións.

3. Bacherelato

Actividade: Primeiro, fará falla que o profesor/a localice o seguinte video: <http://www.youtube.com/watch?v=GcRY4YQNvOg>, denominado “Mamas y papas”, dispoñible en YouTube ou na web www.proyectafilms.com. Este film foi elaborado por Marisa Crespo e Moisés Romera e recibiu máis de 30 premios en diferentes festivais. Este film proxectarase ao grupo para poder poñer en marcha un debate conxunto sobre a violencia de xénero. Posteriormente, as ideas xeradas no debate pódense escribir nun pequeno mural para pendurar na clase ou ben nalgún espazo da escola para facer partícipes a todas e todos as/os alumnas/os.

